

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA CORUÑA DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LÉSBICO, GAI, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBQI)

Hoxe, 28 de xuño de 2016, o Concello da Coruña súmase á conmemoración/celebración do Día Internacional do Orgullo Lésbico, Gai, Transexual, Bisexual, Queer e Intersexual, e facémolo manifestando o noso compromiso e defensa pola igualdade de todas as persoas, polo recoñecemento e inclusión de todas as diversidades e o total rexeitamento a calquera tipo de discriminación ou violencia por cuestións de orientación sexual e/ou de identidade de xénero.

Neste acto, lembramos e actualizamos o espírito que impulsou a revolta de Stonewall, en 1969, e que supuxo o nacemento do movemento de liberación gai, lésbico, transexual e bisexual. E, precisamente, neste día, facemos nosas as reivindicacións das persoas LGTBQI ao entender que a inclusión da diversidade sexual e identidade de xénero en igualdade de condicións é unha cuestión básica de dereitos humanos e, como tal, é innegociable. E por iso tamén é unha responsabilidade colectiva que compartimos coa cidadanía da Coruña.

Por segundo ano, o Pazo de María Pita engalánase coa bandeira multicolor da diversidade sexual, como acto simbólico e visible do reto que asume este Concello dunha cidade inclusiva e o compromiso explícito desta corporación municipal coa igualdade e a diversidade. Hoxe é a bandeira do orgullo LGTBQI, como a semana pasada foi a da Cidade-Refuxio.

Queremos avanzar na realidade dunha cidade libre de violencias machistas, orgullosa e inclusiva das diversidades para que todas as persoas poidan vivir garantindo o dereito á igualdade efectiva.

Queremos contribuír a que a orientación sexual e a identidade de xénero non dificulten o exercicio dos dereitos fundamentais de todas as persoas, por xustiza social e humanitaria. Sabemos que as medidas lexislativas, aínda que son necesarias, non son suficientes. Lamentablemente as agresións directas cara ás persoas LGTBQI seguen a ser cotiás -segundo os datos do Ministerio do Interior, o 12,7% dos delitos de odio do 2015 foron causados por motivo de orientación sexual ou identidade de xénero- e o acoso, fustigación e agresións LGTBfóbicas seguen sendo un dos motivos que

empurra a moitas persoas a fuxir dos seus lugares de orixe e solicitar Refuxio, no desexo dunha vida digna e en liberdade.

Agradecemos ao activismo LGTBQI da cidade da Coruña a súa colaboración activa para construír ámbitos de convivencia municipal máis saudables e unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Pedimos aos poderes públicos, institucións e sociedade civil a súa colaboración activa no fomento dunha conciencia solidaria de toda a sociedade, que promova un cambio na actitude cara ás persoas LGTBQI. E comprometémonos a desenvolver iniciativas que contribúan a esa maior conciencia solidaria; así entendemos a adhesión do Concello da Coruña ao Plan PIPE, para unha xestión da policía local da diversidade, así como os programas de investigación, sensibilización e acción pola igualdade que se lideran desde a Concellaría de Igualdade e Diversidade.

Asumimos como obxectivo socioeducativo a prevención e protección fronte calquera tipo de ataque e acoso por razón de sexo ou identidade sexual e/ou de xénero. Reforzaremos as medidas de promoción coeducativa en institutos sobre a diversidade sexual, de xénero e familiar; así como a responsabilidade de facer visible a diversidade de todos os modelos de familia.

Asumimos tamén o compromiso de instar á Xunta de Galicia a facer efectivo o desenvolvemento da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuales de Galicia, máxime no desenvolvemento conxunto da rede de servizos municipais dirixidos á mediación e empoderamento das persoas LGTBQI que materialice a posta en marcha dun servizo de apoio, orientación e mediación polos dereitos das persoas LGTBQI na nosa cidade.

Convidamos a todas as institucións públicas e á sociedade coruñesa a adherirse ás iniciativas contra calquera forma de discriminación e a construír colectivamente unha Coruña orgullosa, diversa e sen violencias machistas.